



Consellería do Medio Rural. Orde pola que se modifica a Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se establecen as axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción.

**INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIA
PROCEDIMENTO DE XESTIÓN**

ANO 2011

Agosto 2011



A Orde da Consellería do Medio Rural do 12 de agosto de 2011 (DOG Nº 160, do 23 de agosto) modifica a Orde do 23 de setembro de 2009 (DOG Nº 191, do 29 de setembro) que establece as bases reguladoras das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, e as convoca para o ano 2011.

A disposición derradeira primeira desta Orde, establece a facultade do director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto na mesma, as cales serán publicadas na páxina web da Consellería do Medio Rural.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral:

Dispón ordenar a publicación na páxina web da Consellería do Medio Rural das instrucións complementarias para adaptar a normativa ás distintas situacións que se dan nas explotacións leiteiras galegas, e que se incorporan como anexos a esta instrución:

- Anexo I - Norma Complementaria 1/2011.
- Anexo II - Circular Interpretativa 1/2011.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2011

O director xeral de Producción Agropecuaria

José Álvarez Robledo



ÍNDICE

ANEXO I. NORMA COMPLEMENTARIA 1/2011	3
Anexo I-A Disposicións complementarias para os investimentos en plans de mellora da competitividade.....	9
Anexo I-B Claves, unidades e módulos máximos para investimentos destinados á mellora mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción.....	10
Anexo I-C Marxes brutas, estándar por actividades produtivas.....	19
ANEXO II. CIRCULAR 1/2011.....	21
Anexo II-A Cálculo das dimensións mínimas para R.U.T.....	24
Anexo II-B Novidades.....	26
Anexo II-C Normativa de aplicación.....	28
Anexo II-D Lista de control.....	32



Instrucións para a xestión das axudas destinadas á mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción e se convocan para o ano 2011.

Anexo I. Norma complementaria 1/2011, para a tramitación de axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, ano 2011.

A Orde do 12 de agosto de 2011, modifica a Orde do 23 de setembro de 2009, da Consellería do Medio Rural, que establece as bases reguladoras para as axudas destinadas á mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, e as convoca para o ano 2011.

A posta en marcha destas axudas esixe o establecemento de instrucións complementarias que adecúen a normativa ás distintas situacións que se producen nas explotacións leiteiras galegas, de acordo co previsto na disposición derradeira primeira da citada orde.

Neste senso considérase necesario establecer as seguintes especificacións complementarias:

1.- Investimentos e axudas en plans de mellora da competitividade.

O plan de mellora deberá demostrar mediante o estudo técnico-económico que os investimentos están xustificadas desde o punto de vista da situación da explotación e da súa economía, e non reflectirá fluxos de caixa negativos nun período igual ou superior a 3 anos, agás situacións especiais que requirirán un informe técnico do servizo provincial de Explotacións Agrarias e a autorización da subdirección xeral de Apoio as Explotacións Agrarias.

Co fin de dar cumprimento ás esixencias impostas pola diferente normativa relativa ás explotacións agrícolas e gandeiras, como son as normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais, ou os aspectos relacionados coa Lei 9/2002, de 30 decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, co Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, así como a normativa relacionada cos espazos integrados na Rede Natura 2000, será imprescindible que se cumpran as disposicións contempladas no **Anexo I-A**, para os investimentos previstos no plan de mellora da competitividade que se solicite.

En calquera caso, non se poderá dar por válido o fin da execución das melloras, se non están totalmente rematadas e o contorno debidamente adecentado.

Así mesmo, a efectos do cálculo de beneficio de persoa moza terase en conta como data de incorporación a data correspondente á aprobación da primeira instalación.

2.- Normas mínimas de hixiene e benestar dos animais.

Para o cumprimento das normas mínimas de hixiene e benestar dos animais ás que fai referencia a orde de bases reguladoras destas axudas, estarase ao disposto na seguinte lexislación:



Normas de hixiene:

- Regulamento (CE) 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e as súas modificacións.
- Regulamento (CE) 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e as súas modificacións.
- Directiva 2002/99/CE sobre normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos animais destinados a consumo humano, e as súas modificacións.

Normas de benestar dos animais:

- Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, e as súas modificacións.
- Real decreto 1047/1994 do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos, modificado polo Real decreto 229/1998, do 16 de febreiro, e as súas modificacións.

3.- Normas mínimas medioambientais.

Para o cumprimento das normas mínimas ambientais ás que fai referencia a orde de bases reguladoras destas axudas estarase ao disposto na lexislación seguinte:

Normas ambientais.

- Directiva 96/61/CE do Consello de 24 de setembro de 1996 relativa á prevención e ao control integrados da contaminación, e as súas modificacións.
- Lei 4/1989, de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres (Directiva 79/409 CEE e parte da Directiva 92/43/CE) e as súas modificacións.
- Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da biodiversidade.
- Real decreto 1997/1995, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitat naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva 92/43 CE), e as súas modificacións.
- Lei 10/1998, sobre residuos (Directiva 91/156/CEE), e as súas modificacións.
- Real decreto 261/1996, sobre protección contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias (Directiva 91/76CE), e as súas modificacións.
- Real decreto 1310/90 e Orde do 26 de outubro de 1993 sobre o emprego de lodos de depuradora en agricultura e as súas modificacións.

Ademais determínase no Programa de Desenvolvemento Rural, que os sectores de produción vexetal deberán manter as seguintes prácticas:

- Prohibición da queima de restollos ou pastos de colleita. De xeito excepcional, a causa de problemas sanitarios ou fitopatolóxicos, poderá quedar sen efecto esta prohibición cando a xuízo do Órgano competente da Comunidade Autónoma, poida ter efectos ecolóxicos negativos.
- Prohibición do laboreo convencional a favor da pendente. O Órgano competente da Consellaría do Medio Rural, poderá autorizar de xeito excepcional esta práctica.



- A aplicación do abonado mineral e orgánico deberá ter en conta as recomendacións establecidas ao efecto no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, editado pola Consellaría do Medio Rural.
- Os restos de podas, plásticos e outros materiais residuais deberán ser retirados das parcelas e depositarse en lugares apropiados.
- No uso de insecticidas e herbicidas deberanse respectar as indicacións dos fabricantes, retirando os residuos unha vez efectuada a aplicación correspondente.

Para as producións gandeiras:

- En todos os casos as instalacións de almacenaxe de esterco, xurro ou residuos procedentes de produtos vexetais almacenados como a forraxe ensilada, deberán ser estancas, de forma que eviten os vertidos directos no medio natural, tal como se recomenda no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias. Ademais, as devanditas esterqueiras ou fosas de xurro deberán ter a capacidade suficiente de almacenamento, tendo en conta os períodos de saída e distribución.

4.- Informe sobre o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e sobre as melloras hixiénico-sanitarias.

Para o caso de plans de mellora de explotacións con investimentos en explotacións gandeiras, os servizos técnicos da Consellaría do Medio Rural efectuarán as inspeccións e emitirán os informes oportunos sobre o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais.

5.- Tramitación de expedientes, estudos técnico-económicos e comprobación de datos iniciais.

A tramitación de axudas no marco desta orde esixe a aprobación das propostas provinciais realizadas polo servizo de Explotacións Agrarias, por parte da dirección xeral de Producción Agropecuaria en base a estudos técnico-económicos que xustifiquen a idoneidade dos investimentos, así como o cumprimento dos condicionantes incluídos na orde, que serán avaliados por un órgano colexiado, de acordo co artigo 10º da citada orde.

Os expedientes presentados por organizacións profesionais, cooperativas, consultoras, xestorías, técnicos privados, particulares, etc., poderán ser admitidos coa documentación complementaria (declaracións da renda, memoria, bosquejo, etc.), e o estudo técnico-económico deberá ser verificado integramente nos servizos da Consellaría.

En calquera caso a comprobación pola Administración, dos datos iniciais da solicitude, deberá ser realizada preferentemente polos técnicos da Oficina Agraria Comarcal. Neste caso, deberase cumprimentar para cada expediente un informe segundo o modelo ao efecto que se xunta no manual de procedemento aprobado pola Autoridade de Xestión do PDR 2007-2013, no que tamén asinará o solicitante, ao que se lle deixará unha copia.

Ademais, as oficinas xestoras asesorarán ás persoas solicitantes na realización dos estudos técnico-económicos necesarios para a elaboración dos plans de mellora da competitividade, e o técnico ou técnicos instrutores da Administración, supervisarán a idoneidade e adecuación dos investimentos propostos no plan de mellora da competitividade, deixando constancia do resultado na lista de control de cada expediente de axuda.



6.- Módulos máximos de investimento.

Os investimentos das melloras obxecto de axuda non poderán superar os módulos que se establecen no **Anexo I-B** da presente norma.

7.- Marxes segundo as orientacións produtivas.

As marxes brutas indicadas no **Anexo I-C** elaboráronse e actualizáronse con base nos programas de xestión técnico-económica, asesoramento e demais información técnica da Consellaría do Medio Rural, e poderán utilizarse para a determinación da Renda Unitaria de Traballo (RUT), estimando os gastos fixos da explotación, tendo en conta os gastos sociais correspondentes ás UTA, e outros gastos relacionados coas actividades produtivas desenvolvidas.

8.- Xustificación dos investimentos.

Unha vez realizados os investimentos, os beneficiarios deberán presentar xunto coa solicitude de pagamento, os correspondentes xustificantes do gasto e do pago. O beneficiario deberá presentar os orixinais das facturas aos efectos da súa dilixencia na Oficina Agraria Comarcal, co texto *“cofinanciado con Fondos Comunitarios”*.

9.- Prórrogas e cambios de investimentos.

Non se concederán nin prórrogas, nin se permitirán cambios de investimentos (agás casos excepcionais).

10.- Recepción de solicitudes.

Antes do 6º día, a contar dende o seguinte ao do remate do prazo de solicitude, os servizos provinciais de Explotacións Agrarias remitirán á subdirección xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias a seguinte información:

- Relación nominal de solicitudes de axuda presentadas nas oficinas agrarias comarcais.
- Relación nominal de solicitudes presentadas nos servizos provinciais
- Relación nominal de solicitudes presentadas por calquera das vías contempladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e que obren en poder da delegación provincial. Todas as relacións anteriores terán que constar asinadas.

Así mesmo, respecto daquelas solicitudes que se presenten incompletas (tanto se é a propia solicitude como a documentación que se ten que achegar a aquela), o órgano tramitador da solicitude, dará cumprimento ao previsto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e requirirá inmediatamente ao interesado para que nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con expresa indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición.

Os devanditos requirimentos para completar a solicitude e/ou documentación efectuaranse de acordo co modelo elaborado a tal efecto presente no manual de procedemento, podendo xuntarse á comunicación esixida no artigo 42.4 da Lei 30/1992, conforme á redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.



Unha vez completada a documentación, as solicitudes e os estudos técnico-económicos, remitiranse directamente das oficinas agrarias comarcais aos servizos provinciais, nun prazo máximo de 20 días desde a data de rexistro da solicitude.

11.- Publicidade das axudas.

A orde, na súa disposición adicional terceira, indica que no caso de executar accións que supoñan investimentos que superen un custo total de 50.000 euros, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa. Na placa figurará unha descrición do proxecto ou da operación, que ocupará como mínimo o 25% da placa. Ademais, figurará a bandeira europea, xunto co lema *Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais*.



Anexo I-A Disposicións complementarias para os investimentos en plans de mellora da competitividade.

Os investimentos que sexan financiados a través de axudas ao abeiro desta orde deberán cumprir coas seguintes disposicións.

1.- Pradeiras

Considérase financiable a implantación de pradeiras en terreos procedentes de monte alto, sempre que exista roturación con maquinaria allea á explotación, xustificándose o gasto coa correspondente factura no momento da certificación das melloras. É importante subliñar a estes efectos que a aradura de calquera terreo forestal para a implantación de cultivos agrícolas ou pastizais esixirá a obtención de autorización administrativa por parte da Consellaría do Medio Rural (art. 40 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención contra os lumes forestais de Galicia, DOG nº 74, martes 17 de abril de 2007). Debendo achegar no intre da presentación da axuda, copia da solicitude da aradura.

Cando se realice en monte baixo, non será preciso xustificar o emprego de maquinaria allea. En calquera caso deberá achegarse copia do plano do catastro ou SIXPAC, coa situación da parcela ou parcelas.

2.- Cercas

Para gando vacún considéranse financiáveis as cercas de catro ou cinco fíos sobre soportes de madeira tratada. Tamén neste caso, deberá achegarse copia do plano do catastro ou SIXPAC, coa situación da parcela ou parcelas, e perímetro a pechar.

3.- Maquinaria de muxir

Establécese un módulo de investimento básico en maquinaria de muxir de ata 11.250 € para unha explotación de ata 15 vacas leiteiras.

Este módulo incrementarase, por cada vaca de leite, segundo os datos da última campaña de saneamento gandeiro, de acordo cos seguintes tramos:

- Desde 16 a 50 vacas, a razón de 1.000 €/vaca.
- Desde 51 a 70 vacas, a razón de 800 €/vaca.
- Para rabaños maiores de 70 vacas, a razón de 400 €/vaca.

Exemplo para un rabaño de 60 vacas leiteiras:

Módulo básico de 15 vacas	11.250 €
Entre 16 a 50, a razón de 1.500 €/vaca	35.000 €
Entre 51 e 60, a razón de 1.000 €/vaca	8.000 €
Máximo investimento	54.250 €

Os módulos establecidos inclúen instalación de muxido completa con maquinaria, conducións, equipos de medida, retiradores automáticos, etc.

En todo caso o investimento máximo será de 90.000 €



ANEXO I-B. Claves, unidades e módulos máximos para investimentos destinados ás axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción

INVESTIMENTOS DESTINADOS Á REDUCCIÓN DOS CUSTOS NA PRODUCCIÓN LEITEIRA E Á MAXIMIZACIÓN DO USO DE RECURSOS PROPIOS DA EXPLOTACIÓN

SISTEMAS DE REGA E MELLORAS DO SOLO

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
1110 ha	Regadío a pé-----	2446	
1120 ha	Rega aspersión sen cabezal -----	6.611	
1130 ha	Rega localizado sen cabezal-----	11.900	
1310 m ³	Pozo barrena (incluída motobomba)-----	-----	
1311 m ³	Pozo artesán... -----	66	X
1320 m ³	Estanque ou balsa (Ter en conta que si é de polietileno baixa a 30)	59	
1330 m	Conducións xerais (refírese á toma de auga ata a entrada á explotación)	222	X
1340 ha	Gastos diversos rega -----	-----	
1410 ha	Saneamento e drenaxe -----	-----	X
1420 ha	Nivelación de terras -----	4.959	X
1470 ha	Arroteamento, decruá-----	562	
1490	Traballos varios solo.....	-----	

INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
6320 m ²	Camiño de explotación -----	21	
6331 m	Cerca madeira, mínimo 4 fíos----- (postes tratados, con distancia máxima entre eles de 4 a 6 m.)	5	
6332 m	Cerca madeira, eléctrica ----- (postes tratados, con distancia máxima entre eles de 4 a 6 m.)	5	
6333 m	Cerca con malla -----	7	

HERBÁCEOS PERMENENTES

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
7313 ha	Pradeira en monte con destoconado	1.300	
7314 ha	Pradeira en monte sen destoconado	900	

ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
--------------	--------------------------------	----------------------------	-------------------



8100 Ud.	Equipos muxido -----	-----
8101 Ud.	Instalación muxido en praza -----	-----
8102 Ud.	Instalación muxido sala -----	-----
8110 Ud.	Tanque refrixeración -----	-----
8198 Ud	Bebedoiro portátil -----	1.322
8199 Ud.	Comedoiro portátil -----	1.500
8200 Ud	Potabilizadora -----	2.660

ELECTRIFICACIÓN

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
9210 m	Electrificación por liña -----	-----	
9240 Ud.	Grupo electrógeno -----	-----	
9250 Ud.	Transformador -----	-----	

PROTECCIÓN E MELLORA DA CUBERTA VEXETAL

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
9310 ha	Resementeira e abonado.....	163	
9330 ha	Roza de matogueira -----	241	
9340	Plantación especies autóctonas.....	2.036	
9350	Control de accións eólicas.....		

PROTECCIÓN E MELLORA DO AMBIENTE

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
9450 m	Sebe Vexetal -----	7,07	

OUTRAS FINALIDADES

<u>CLAVE</u>	<u>UNIDADES E DENOMINACIÓN</u>	<u>MÓDULOS MÁXIMOS (€)</u>	<u>OBRA CIVIL</u>
9523 m ³	Depósito de auga-----	-----	
9524 Ud.	Automatización rego -----	-----	
9526 Ud.	Pastor eléctrico -----	-----	
9527	Camas de goma para cubículos		



INVESTIMENTOS DESTINADOS Á SUBSTITUCIÓN DO USO DE ENERXÍAS CONVENCIONAIS POR ENERXÍAS RENOVABLES

Cando se realicen investimentos para a produción de enerxía térmica e/ou electricidade procedentes de fontes renovables en explotacións agrarias, as instalacións dedicadas á produción de enerxía renovable poderán optar á axuda unicamente se a súa capacidade non é superior ao equivalente ao consumo medio anual combinado de enerxía térmica e electricidade na explotación agrícola, incluída a unidade familiar da explotación, o cal será avalado por un informe dun técnico competente ou instalador autorizado.

SOLAR TÉRMICA

CLAVE	Ud.	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€/m ²)
9261	m ²	Captadores solares planos cun coeficiente global de perdas inferior a 9 W/(m ² °C) e superior a 5 W/(m ² °C)	1.100
9262	m ²	Captadores solares planos cun coeficiente global de perdas inferior 5 W/(m ² °C)	1.400
9263	m ²	Tubos de baleiro	1.600

Establécese un investimento máximo de 16.000 € para instalacións dirixidas á produción de auga quente e de 32.000 € para instalacións de auga quente e calefacción.

Custo elixible:

Consideraranse custos elixibles os correspondentes aos diversos compoñentes da instalación solar térmica como captadores solares térmicos, intercambiadores de calor, depósitos de acumulación, circuitos hidráulicos, vasos de expansión, illamento, sistema eléctrico e de control, sistemas de disipación do calor, equipos de medida e demais equipamentos secundarios, así como a montaxe, obra civil asociada, deseño de enxeñería da instalación, dirección de obra e posta en marcha.

Documentación técnica (a entregar xunto coa solicitude):

1. Breve descrición técnica xustificativa do proxecto segundo o modelo normalizado do Anexo III-E.
2. Fotografía aérea a escala 1:1000 sobre a que se indicará, graficamente e de forma apreciable, o lugar seleccionado para a colocación dos paneis solares e a súa disposición aproximada de forma que permita establecer a súa desviación respecto ao sur. Esta fotografía pode descargarse do visor SIX-PAC (<http://emediorural.xunta.es/visor5/>).
3. Documentación na que se reflicta as principais características técnicas dos principais elementos da instalación: captadores e acumulador.
4. Certificado do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio conforme o modelo de colector seleccionado cumpre cos requisitos de calidade da Orde ITC/71/2007 de 22 de xaneiro sobre esixencias técnicas dos paneis solares.



Documentación técnica para a xustificación da axuda:

1. Informe técnico de fin de obra no que se describan as actuacións realizadas e, no caso de ter introducido algunha modificación respecto ao proxecto inicial, se informe da mesma. Neste informe incluíranse fotografías da instalación unha vez rematada.
2. Garantía da instalación por un período mínimo de dous anos que inclúa os materiais utilizados, a súa montaxe e o mantemento preventivo e correctivo da mesma (asinada polo instalador).
3. No caso de que así o requira a regulamentación vixente, achegarase boletín da instalación presentado na delegación provincial que corresponda.

SOLAR FOTOVOLTAICA ILLADA

CLAVE	Ud.	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€/kWp)
9264	kWp	Instalación de enerxía solar fotovoltaica con acumulación.	11.000
9265	kWp	Instalación de enerxía solar fotovoltaica sen acumulación	8.500

A potencia máxima da instalación será de 15 kWp.

Establécese un investimento máximo por proxecto de 165.000 €.

Custo elixible:

Dentro do investimento elixible incluíranse o custo dos módulos fotovoltaicos, estruturas de soporte e fixación, os elementos de interconexión entre módulos, baterías, reguladores, fiado, inversores, interruptores e proteccións, sistemas de monitorización, obra civil asociada, dirección e enxeñería de proxecto e posta en marcha.

Non se considerarán elixibles as instalacións de venda de enerxía conectadas á rede.

Documentación técnica (a entregar xunto coa solicitude):

1. Descrición técnica do proxecto segundo o modelo normalizado do Anexo III-F.
2. Informe asinado por un técnico competente no que se incluírá:
 - Descrición da situación actual da explotación: fonte/s de enerxía empregada, enerxía consumida e gasto anual aproximado que supón.
 - Análise da viabilidade económica do proxecto.
 - Documentación xustificativa da imposibilidade de conexión á rede de distribución sen a implantación de novas liñas eléctricas ou calquera outro motivo polo que non se poda acceder ao subministro eléctrico.
 - Descrición do emprazamento seleccionado para a colocación dos módulos fotovoltaicos, orientación e inclinación dos mesmos. Nas instalacións sobre cuberta incluírase unha descrición da mesma e analizarase a súa capacidade para soportar as cargas necesarias para a colocación dos módulos fotovoltaicos.
3. Documentación na que se reflicta as principais características técnicas dos principais elementos da instalación: módulos solares, inversor e baterías.
4. Certificado de cumprimento da normativa IEC dos módulos fotovoltaicos seleccionados emitido por unha entidade acreditada (organismos certificadores, institutos tecnolóxicos, etc).



5. Garantía de rendemento dos módulos fotovoltaicos: mínimo unha garantía do fabricante do 80% da potencia mínima aos 25 anos.
6. Fotografía aérea a escala 1:1000 sobre a que se indicará, graficamente e de forma apreciable, o lugar seleccionado para a colocación dos módulos fotovoltaicos e a súa disposición aproximada de forma que permita establecer a súa desviación respecto ao sur. Esta fotografía pode descargarse do visor SIX-PAC (<http://emediorural.xunta.es/visor5/>).

Documentación técnica para a xustificación da axuda:

1. De acordo ao establecido no artigo 3 da ITC-BT-04 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, as instalacións xeradoras cunha potencia nominal superior a 10 kW deberán presentar un proxecto redactado e firmado por técnico competente para a súa execución.
2. Informe técnico de fin de obra no que se describan as actuacións realizadas e, no caso de haber introducido algunha modificación respecto ao proxecto inicial, se informe da mesma. Neste informe incluíranse fotografías da instalación unha vez rematada.
3. Boletín da instalación presentado na delegación provincial que corresponda.
4. Garantía da instalación por un período mínimo de dous anos que inclúa os materiais utilizados, a súa montaxe e o mantemento preventivo e correctivo da mesma (asinada polo instalador).

EÓLICA-FOTOVOLTAICA ILLADA

CLAVE	Ud.	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€/kWp)
9266	kWp	Instalación de enerxía solar fotovoltaica con acumulación.	11.000
9267	kWp	Instalación de enerxía solar fotovoltaica sen acumulación	8.500

CLAVE	Ud.	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€/kW)
9268	Kw	Instalación eólica illada	4.500

A potencia máxima destas instalacións será de 15 kWp para o sistema fotovoltaico e de 6 kW para o sistema eólico.

Establécese un investimento máximo por proxecto de 192.000 €.

Custo elixible:

Dentro do investimento elixible incluíranse o custo do aeroxerador, módulos fotovoltaicos, elementos de interconexión entre módulos, sistemas de soporte e fixación, baterías, reguladores, fiado, inversores, interruptores e proteccións, sistemas de monitorización, obra civil asociada, dirección e enxeñería de proxecto, posta en marcha.

Non se considerarán elixibles as instalacións de venda de enerxía conectadas á rede.

Documentación técnica (a entregar xunto coa solicitude):

1. Descrición técnica do proxecto segundo o modelo normalizado do Anexo III-F.
2. Informe asinado por un técnico competente no que se incluírá:
 - Descrición da situación actual da explotación: fonte/s de enerxía empregada, enerxía consumida e gasto anual aproximado que supón.



- Análise da viabilidade económica do proxecto.
 - Documentación xustificativa da imposibilidade de conexión á rede de distribución sen a implantación de novas liñas eléctricas ou calquera outro motivo polo que non se poda acceder ao subministro eléctrico.
 - Descrición do emprazamento seleccionado para a colocación dos módulos fotovoltaicos, orientación e inclinación dos mesmos e de colocación do aeroxerador. Nas instalacións sobre cuberta incluírase unha descrición da mesma e analizarase a súa capacidade para soportar as cargas necesarias para a colocación dos módulos fotovoltaicos.
 - Estudo no que se xustifique adecuadamente a existencia de recurso eólico no emprazamento, utilizando datos meteorolóxicos, orográficos, etc. O contido e desenvolvemento deste estudo debe ser o suficiente para confirmar de forma obxectiva a existencia de recurso eólico explotable.
3. Certificado de cumprimento da normativa IEC dos módulos fotovoltaicos seleccionados emitido por unha entidade acreditada (organismos certificadores, institutos tecnolóxicos, etc).
 4. Documentación na que se reflecta as principais características técnicas dos principais elementos da instalación: módulos solares, aeroxerador, inversor e baterías.
 5. Garantía de rendemento dos módulos fotovoltaicos: mínimo unha garantía do fabricante do 80% da potencia mínima aos 25 anos.
 6. Fotografía aérea a escala 1:1000 sobre a que se indicará, graficamente e de forma apreciable, o lugar seleccionado para a colocación dos módulos fotovoltaicos e a súa disposición aproximada de forma que permita establecer a súa desviación respecto ao sur. Esta fotografía pode descargarse do visor SIX-PAC (<http://emediorural.xunta.es/visor5/>).

Documentación técnica para a xustificación da axuda:

1. De acordo ao establecido no artigo 3 da ITC-BT-04 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, as instalacións xeradoras cunha potencia nominal superior a 10 kW deberán presentar un proxecto redactado e firmado por técnico competente para a súa execución.
2. Informe técnico de fin de obra no que se describan as actuacións realizadas e, no caso de haber introducido algunha modificación respecto ao proxecto inicial, se informe da mesma. Neste informe incluíranse fotografías da instalación unha vez rematada.
3. Boletín da instalación presentado na delegación provincial que corresponda.
4. Garantía da instalación por un período mínimo de dous anos que inclúa os materiais utilizados, a súa montaxe e o mantemento preventivo e correctivo da mesma (asinada polo instalador).



BIOMASA TÉRMICA

CLAVE	Ud.	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€/kW _t)
9270	kW _t	Instalación con alimentación automática con acumulación	750
9271	kW _t	Instalación con alimentación automática sen acumulación	600
9272	kW _t	Instalación sen alimentación automática con acumulación	450
9273	kW _t	Instalación sen alimentación automática sen acumulación	300
9274	CV	Empacadora autopropulsadora	1.000
9275	CV	Empacadora transportable non autopropulsada	500
9276	CV	Empacadora semimóvil	800
9277	CV	Esteladora autopropulsada	1.000
9278	CV	Esteladora transportable non autopropulsada	500
9279	CV	Esteladora semimóvil	800

Establécese un investimento máximo por instalación, sen incluír a empacadora nin a esteladora, de 30.000 €

Custo elixible

Consideraranse custos elixibles os correspondentes aos diversos compoñentes do sistema de acumulación de combustible; sistema de alimentación; caldeira e os seus complementos; sistemas eléctricos, de control e monitorización equipos complementarios; montaxe e conxicionado; equipos de tratamento en campo de biomasa para estelado ou empacado (unicamente os equipos e dispositivos que forman parte da maquinaria específica, non incluíndose equipos independentes para o seu movemento, agás no caso de máquinas autopropulsadas).

Documentación técnica (a entregar xunto coa solicitude):

1. Breve descrición técnica xustificativa do proxecto segundo o modelo normalizado do Anexo III-G
2. Folla de características da caldeira/estufa utilizada, na que conste o modelo, a potencia e o combustible a utilizar.
3. No caso das empacadoras e/ou esteladoras, folla de características da maquinaria para a que se solicita a axuda.

Documentación técnica para a xustificación da axuda:

1. Informe técnico de fin de obra no que se describan as actuacións realizadas e, no caso de haber introducido algunha modificación respecto ao proxecto inicial, se informe da mesma. Neste informe incluíranse fotografías da instalación unha vez rematada.
2. As instalacións de potencia instalada superior a 5 KW deberán achegar o Boletín da instalación presentado na delegación correspondente.
3. Garantía da instalación por un período mínimo de dous anos que inclúa os materiais utilizados, a súa montaxe e o mantemento preventivo e correctivo da mesma (asinada polo instalador).



INVESTIMENTOS DESTINADOS Á REDUCCIÓN DOS GASTOS EN ENERXÍA MEDIANTE O AFORRO E A EFICACIA ENERXÉTICA

BATERÍA DE CONDENSADORES

CLAVE	Ud	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€)
9280	Ud	Batería de condensadores ata 7,5 kWhAr	2.500
9281	Ud	Batería de condensadores entre 7,5 e 27 kWhAr	3.500
9282	Ud	Batería de condensadores de máis de 27 kWhAr	4.500

INTERCAMBIADOR DE PLACAS PARA ARREFRIAMENTO DO LEITE

CLAVE	Ud	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€)
9283	Ud	Intercambiador de placas para arrefriamento do leite en explotacións de ata 60 vacas	3.500
9284	Ud	Intercambiador de placas para arrefriamento do leite en explotacións de máis de 60 vacas	5.000

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DE CALOR

CLAVE	Ud	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€)
9285	Ud	Sistema de recuperación de calor en explotacións de ata 60 vacas	3.500
9286	Ud	Sistema de recuperación de calor en explotacións de máis de 60 vacas	5.000

VARIADORES DE FRECUENCIA

CLAVE	Ud	UNIDADES E DENOMINACIÓN	MÓDULOS MÁXIMOS (€)
9287	Ud	Variador de frecuencia de ata 4 kW	1.200
9288	Ud	Variador de frecuencia de máis de 4 kW	1.500

INFORMES TÉCNICOS

- Estudos de optimización enerxética que analicen o proceso produtivo dunha explotación a de produción leiteira na que se recomenden as accións idóneas para optimizar o consumo en función do seu potencial de aforro, a facilidade de implementación e o custe de execución
- O contido dunha auditoría pódese dividir en tres apatados principais:
- **Datos xerais do establecemento:** describiranse o centro e o seu funcionamento xeral.
 - Identificación do centro
 - Razón social da empresa, CC.AA., Poboación, Provincia.
 - Enderezo da explotación, CC.AA., Poboación, Provincia, C.E.A.
 - Datos do establecemento.
 - Réxime de funcionamento. Horas/día/semana, horas/ano.



- Estrutura de custos.
- Datos Producción do establecemento
- Principais materias primas utilizadas. Nome e cantidade anual.
- Producción obtida. Cantidade anual.
- **Análise enerxético do centro:** faise unha descrición dos consumos da explotación, tanto xerais coma específicos.
- Consumo anual e distribución de consumos de enerxía.
- Consumo anual de enerxía eléctrica, comprada e autoproducida.
- Consumo anual de enerxía térmica e combustibles utilizados.
- Consumo anual térmico e eléctrico dos principais equipos consumidores de enerxía.
- Consumo anual térmico e eléctrico nas operacións auxiliares.
- Autoprodución de enerxía eléctrica. Combustibles adquiridos e características dos fluídos térmicos xerados.
- Consumos específicos e custos enerxéticos.
- Consumos específicos térmicos (kWh/unidade) e consumo específico eléctrico (kWh/unidade) por produto producido.
- Custos enerxía térmica por fonte enerxética e custo enerxía eléctrica.



Anexo I-C. Marxes brutas estándar por actividades produtivas das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, ano 2011.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FONDO EUROPEO
AGRÍCOLA DE
DESENVOLVEMENTO
RURAL
(FEADER) : Europa inviste
nas zonas rurais



ANEXO I-D

MARXES BRUTAS ESTÁNDAR POR ACTIVIDADES PRODUTIVAS. ANO 2011

ACTIVIDADES GANDEIRAS

ACTIVIDADE	UNIDADES	CARACTERÍSTICAS	PDTO. BRUTO (€)	G.VARIABL. (€)	MARXE BRUTA (€)
Vacún leiteiro	1000 kg.		320,00	150,00	170,00



Anexo II. Circular 1/2011, interpretativa dos principais aspectos das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción Cuestións xerais

1.1. Prazo de solicitude.

Establécense para o ano 2011 un período de solicitude:

1. Do 24 de agosto ao 24 setembro.

1.2. Dimensión mínima das explotacións para $RUT \geq 20\%$ da renda de referencia.

- 1.2.a. Para os plans de mellora obrigatoriamente a persoa beneficiaria deberá acreditar a viabilidade económica da súa explotación en situación inicial; é dicir, que a súa R.U.T. non sexa inferior ao 20% da renda de referencia en vigor (20% renda de referencia 2011: 5.500,60 €), considerándose viables tamén a estes efectos, as explotacións de montaña cualificadas como prioritarias, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia. Neste último caso, unha vez realizado o plan, deben acadar como mínimo o 20% da renda de referencia.
- 1.2.b. O cálculo da R.U.T. da explotación efectuarase en dúas fases: primeiro cos datos modulados e establecidos no **Anexo II-A**, coa finalidade de comprobar a dimensión mínima da explotación para ser viable; e unha vez comprobado que cumpre co establecido no parágrafo anterior, realizarase cos datos reais de cada explotación de cara ao estudo económico de acordo co **Anexo I-C**.

1.3. Marxes segundo as orientacións produtivas.

- 1.3.a. En todos os casos que figuran no **Anexo I-C** utilizaranse as marxes brutas establecidas nel (agás nos casos en que a persoa solicitante xustifique outros valores con estudos económicos e o servizo provincial de Explotacións Agrarias emita informe favorable sobre os mesmos). En situación prevista poderanse variar ata nun 10 %.
- 1.3.b. Farase constar na portada da solicitude na columna de "unidades", coa clave 44, o nº total de vacas de leite que figuren no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA), e na columna de cota láctea a asignada á explotación.

1.4. Informe de cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais.

Para a verificación do cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais, os técnicos das oficinas agrarias comarcais, preferentemente, visitarán a explotación da persoa solicitante e asinarán a correspondente acta, xunto coa persoa titular da explotación ou representante no caso de persoas xurídicas ou comunidades de bens, deixando sempre unha copia no seu poder. Nesta acta farase constar si se cumpren as citadas normas ou si existen evidencias do seu incumprimento. Se fose preciso que nesa explotación se levasen a cabo determinadas melloras para o seu cumprimento, faranse constar na acta, cunha pequena descrición delas, advertíndolle ao solicitante de que previamente á certificación dos investimentos auxiliados tamén obrigatoriamente deberá ter realizadas as melloras descritas na acta.



Deberase cubrir tamén un cuestionario referente ás normas de hixiene e calidade do leite, fundamentalmente encamiñado a obter o consello do técnico correspondente, que faciliten a continuidade no cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento (CE) N° 853/2004, do Parlamento e do Consello, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, modificado polo Regulamento (CE) N° 1662/2006 da Comisión, e máis concretamente nos apartados relacionados coa produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos. En todos os casos no intre da certificación deberán estar emendadas estas deficiencias.

1.5. Requisito de residencia.

Para o requisito de residir na comarca na que radique a explotación ou noutra limítrofe, naqueles casos nos que a explotación obxecto da axuda sexa prioritaria de acordo co Decreto 253/2008, aplicaranse as comarcas determinadas no mapa de comarcalización de Galicia (DOG n° 63, do 3/4/97).

1.6. Cambios de investimentos.

Agás causas debidamente xustificadas, e informadas positivamente polo servizo de Explotacións Agrarias, non se aprobarán.

1.7. Sociedades civís.

No caso de sociedades civís que soliciten estas axudas deberán estar constituídas e ter elevado a escritura pública a sociedade antes da certificación das axudas.

2. Plans de mellora.

2.1. Condicionantes en explotacións leiteiras.

No relativo ás augas para as operacións de muxido e limpeza de material e instrumentos, o Regulamento 852/2004, relativo á hixiene dos produtos alimentarios, establece que os operadores primarios empregarán auga potable ou auga limpa cando sexa necesario para evitar a contaminación, polo que, entre as melloras a solicitar, poderase incluír a instalación dunha potabilizadora, naqueles casos que non dispoñan de auga potable no establo para as operacións de muxido e limpeza de materiais e instrumentos, recomendándose a instalación dun sistema de desinfección das augas que constará de:

- *Clorador directo por inxección, con contador de dosificación.*
- *Depósito.*
- *Bomba que permita recuperar a presión á saída do depósito.*

Este sistema será obrigatorio para aquelas explotacións nas que a auga non sexa de abastecemento municipal e non acrediten documentalmente a súa potabilidade, antes da aprobación.

No caso de investimentos en equipos de refrixeración do leite ou de muxido, deberá achegarse, no momento da finalización das melloras, unha folla de testaxe asinada por un técnico autorizado xunto co protocolo correspondente e o disquete proporcionado polo instalador no que se rexistren os datos da testaxe.



2.2. Índices a cumprir polo estudio económico.

Establécese unha excepción á norma xeral de que a RUT prevista debe ser maior ou igual que a RUT inicial: cando o número de UTA na situación prevista sexa superior ao da situación inicial, é suficiente con que a marxe neta prevista non sexa inferior á inicial (**Anexo II-C**).

Tamén será preciso que o estudio económico demostre que a RUT inicial sexa $\geq 20\%$ da renda de referencia en orientación vacún de leite, ou que a explotación sexa prioritarias. Neste caso unha vez realizado o plan de mellora deben acadar, como mínimo unha RUT final $\geq 20\%$ da renda de referencia.

2.3. Unidades de traballo agrario.

En xeral, é necesario que na situación actual e final exista como mínimo 1 UTA, que estará afiliada á seguridade social na rama que corresponda pola actividade que desenvolve nesa explotación, sexa o titular ou un empregado.



Anexo II-A. Cálculo das dimensións mínimas para R.U.T. \geq 20 % R.R., 35% e 120% ano 2011

No cadro que se xunta figuran os datos definidos e estimados, co fin de poder realizar unha comprobación previa do requisito de que toda explotación acredite a súa viabilidade económica, é dicir, que a súa renda unitaria de traballo non sexa inferior ao 20 % da renda de referencia (5.550,60 €), aínda que tamén se considerarán viables as explotacións cualificadas como prioritarias.

Tamén no cadro que se xunta engádense os datos en termos de marxe neta do 35% e 120% da renda de referencia para a cualificación como prioritaria dunha explotación.

Os devanditos datos obtivéronse partindo dos importes de produto bruto, gastos variables e marxes brutas estándar para o ano 2011, que figuran na norma complementaria, e tamén nos ficheiros do programa informático para os estudos técnico económicos destas axudas, do presente ano. Ademais tivéronse en conta uns gastos fixos mínimos estimados que inclúen en todos os casos os gastos da Seguridade Social dunha UTA e uns gastos de amortización (de edificios, instalacións, maquinaria e equipos) para cada actividade. Deste xeito obtivéronse as Marxes Netas de cada orientación produtiva por unidade de produción.



CÁLCULO DAS DIMENSIÓNS MÍNIMAS PARA RUT ≥ 20% RR (ANO 2011)

Sub	Tipo	Actividade	Unidade	M.NETA	35%	UNIDADES MINIMAS 35	120%	MAXIMAS 120	20%	MINIMO 20
0	0	Vacas leite	1,000 Kg./produción/ano	92,9	8717,1	93,9	29887,2	321,8	4981,2	80



Anexo II-B. Novidades e aspectos a salientar nas axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas a través da redución dos custos de produción para o ano 2011.

Prazos

Período de solicitude: Do 24 de agosto ao 24 de setembro, ambos os dous inclusive.

O prazo máximo de resolución será o 31 de decembro de 2011.

Prazo para a execución das melloras: ata 9 meses dende a aprobación da axuda

Indicadores para o 2011

- **Renda de referencia para 2011:** 27.503 €.
- **Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM):** Para o ano 2011 as contías serán as seguintes: IPREM diario: 17,75 euros, IPREM mensual: 532,51 euros e IPREM anual: 6.390,13 euros.

1- Plans de mellora:

A.-ESTUDIO ECONÓMICO:

- Teranse en conta as subvencións cobradas no último exercicio polo solicitante, así como as amortizacións e intereses dos préstamos solicitados no seu día.
- Para o cálculo das amortizacións, terase en conta os investimentos de esa explotación/solicitante nos RRDD 204/96, 613/01 e na Orde do 10 de maio de 2007, de febreiro de 2008, do 17 de decembro de 2008, e do 31 de maio de 2010.
- A superficie, o gando, e a produción obteranse da base de datos da consellería. Non será necesario que os aporte o solicitante.
- Será obrigatorio identificar e gravar todas as UTAs da explotación.

B- INVESTIMENTOS EXCEPTUADOS DE AXUDA :

Non se concederán axudas para os seguintes investimentos:

- a) Os investimentos de simple substitución .
- b) Os investimentos na compra de dereitos de produción, animais .
- c) Os investimentos en vehículos de transporte distintos dos considerados como maquinaria agrícola.
- d) Gastos de conservación e mantemento ou os derivados de actividades de funcionamento da explotación.
- f) Investimentos en compra de terreo.

C- AXUDAS

Os porcentaxes mantense igual que na convocatoria anterior.

D - INVESTIMENTO / CERTIFICACIÓN MÍNIMA:

Establécese un investimento mínimo de 2.000 € así como un importe mínimo a certificar de 2.000 €.



E- SOLICITUDE OFERTAS PROVEEDORES

De acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable (tanto nos gastos en planos de mellora como nos de incorporación) supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na certificación dos investimentos aprobados, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

F- NO CASO DE SOLICITANTES SOCIEDADES CIVIS OU COMUNIDADES DE BENS: Deben cumplimentar o anexo II que figura na orde ca participacion de cada socio na execucion e na subvencion

G- EN NINGÚN CASO SE ADMITE MAN DE OBRA PROPIA PARA XUSTIFICAR OS INVESTIMENTOS



Anexo II-C. Cadros resumo da normativa



NORMATIVA DE APLICACIÓN ⇒

- Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e as súas modificacións.
- Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do antedito Regulamento do Consello, e as súas modificacións.
- Regulamento (CE) 65/2011 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento 1698/2005 do Consello.
- Lei 19/1995 do 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias.
- Orde Ministerial do 13 de decembro de 1995, pola que se desenvolve o apartado 1 do artigo 16 e a disposición final sexta da Lei 19/1995.
- Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia,.
- Orde da Consellaría do Medio Rural do 23 de setembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, e se convocan para o ano 2009.
- Orde da Consellería do Medio Rural do 12 de agosto de 2011 pola que se modifica a Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, e se convocan para o ano 2011.
- Orde ARM/50/2011, de 20 de xaneiro, pola que se fixa para o ano 2011 a renda de referencia.

DEFINICIÓNS ⇒

- **Titular da explotación:** a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e as responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivarse da xestión da explotación.



- **Agricultor/a profesional (A.P.):** Agricultor profesional, a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, polo menos o 50% da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria non sexa inferior ao 25% da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario. Ademais dos anteriores requisitos, e no caso de exercer outras actividades diferentes das agrarias ou outras actividades complementarias, os contratos exclusivamente deberán ser a tempo parcial, e a media xornada, como máximo.
- **Viabilidade económica da explotación:** considerarase que unha explotación é viable economicamente cando a súa RUT non sexa inferior ao 20% da renda de referencia, así como aquelas clasificadas como prioritarias de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- **Normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais:** son as establecidas de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica, e co especificado no programa operativo de Galicia que se aprobe pola Unión Europea.
- **Explotación agraria prioritaria.**
 - 1.- Titular Persoa Física**
 - a) requisitos do/a titular:**
 - ser agricultor/a profesional.
 - ter capacitación profesional suficiente.
 - idade entre 18 e 65 anos sen cumprir.
 - alta na Seguridade Social na actividade agraria.
 - residir na comarca onde radique a explotación ou nunca comarca limítrofe.
 - b) índices a cumprir pola explotación:**
 - En zonas de montaña RUT < 1,2 RR
 - Nas demais zonas $0,35 \text{ RR} \leq \text{RUT} < 1,2 \text{ RR}$
 - Debe poder ocupar, polo menos, 1 UTA.
 - 2.- Titular Persoa Xurídica**
 - a) requisitos do/a titular:**
 - I.- Sociedade Cooperativa de Explotación Comunitaria da Terra, ou de Traballo Asociado na actividade agraria, ou
 - II.- outro tipo de sociedade que cumpra algún dos seguintes requisitos:
 - que polo menos o 50% dos socios sexan AP.
 - que 2/3 dos socios responsables da xestión e administración sexan AP, e cumpran os requisitos de capacitación profesional, idade, Seguridade Social e residencia que se esixen para os titulares persoa física.



b) índices a cumprir pola explotación:

En zonas de montaña RUT < 1,2 RR

Nas demais zonas $0,35 RR \leq RUT < 1,2 RR$

Deben poder ocupar polo menos 1 UTA.

- **Actividade agraria:** o conxunto de traballos que se requiren para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros. Así mesmo, considerárase como actividade agraria a venda directa por parte do agricultor/a da produción propia sen transformación, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.
- **Unidade de Traballo Agrario (UTA):** traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo, cun mínimo de 1.920 horas, durante un ano á actividade agraria. Só será computable a man de obra afiliada á Seguridade Social, agás a man de obra familiar que non teña obriga de afiliarse, que poderá computarse a razón de 0,5 UTA, como máximo, pola primeira, e 0,25 UTA, como máximo, por cada unha das restantes.
- **Renda de Referencia (RR):** indicador obtido como media dos salarios brutos non agrarios en España. Para o ano 2011 equivale a 27.503 euros.
- **Renda Unitaria de Traballo (RUT):** rendemento económico xerado na explotación agraria que se atribúe á unidade de traballo:

$$\frac{(MN + SALARIOS)}{N^{\circ} UTAS}$$

- **Capacitación profesional suficiente:**

Poderá acreditarse dalgunha das seguintes formas:

- a) ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico ou técnico superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias, ou outra titulación superior na rama agraria.
- b) con cinco anos de exercicio da actividade agraria. En xeral acreditarase co IVLaboral) No caso de que unha parte ou a totalidade do

exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

Tamen podese acreditar, respecto dos anos nos que non se tivese exercido a actividade agraria, a asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, ata completar os cinco aos que fai referencia o apartado anterior. Tamen

- **Prazo de presentación das solicitudes:**

- Dende a data de entrada en vigor da orde ata o 24 de setembro de 2011 inclusive.



Anexo II-D. Lista de control



MEDIDA 121- LISTA DE CONTROL DA SOLICITUDE DE AXUDA

CONVOCATORIA: Oficina Agraria Comarcal de

Nº de orde	EXPEDIENTE Nº/...../..... (F) Plans de mellora da competitividade. Persoa Física/CB SOLICITANTE..... CEAs.....LOCALIZACIÓN.....	OAC			SSPP		
		Recibido	Validado	Non precisa	Recibido	Validado	Non precisa
	Solicitud						
1	Solicitud asinada, cumprimentada e rexistrada en data						
2	Estudo técnico-económico dentro dos índices establecidos na normativa						
	Datos Titularidade -Residencial						
3	Copia cotexada do DNI / NIF do solicitante ou autorización á CMR para consultar os datos de identidade						
4	Residencia na comarca ou limítrofe (no caso de explotación prioritaria): copia cotexada DNI /NIF ou certificado de empadramento						
5	No caso de CB: copia dos estatutos e acta de constitución						
6	No caso de CB: ≥ 50% dos comuneiros; declaración do IRPF, informe de vida laboral e capacitación profesional						
7	No caso de CB: pacto de indivisión por un período mínimo de 5 anos desde a data de certificación						
8	No caso de CB: nomeamento de representante, porcentaxe de execución e porcentaxe de subvención para cada membro (anexo II da orde)						
	Fiscalidade						
9	Copia cotexada da última declaración do IRPF, e se é o caso, certificado rendementos de traballo						
10	Copia cotexada de 3 das 5 últimas declaracións do IRPF, incluíndo a última; e se é o caso, certificados de rendementos de traballo						
	Man de obra (UTA)						
11	informe de vida laboral do titular						
12	Asalariados: copia cotexada do DNI, contrato de traballo, informe de vida laboral da empresa.						
13	UTAs Familiares Con Seguridade Social: copia cotexada do DNI/NIF, informe de vida aboral						
14	UTAs Familiares Sen Seguridade Social: copia cotexada do DNI, declaración xurada do titular, informe de vida laboral, xustificante de que está ao seu cargo na SS e no IRPF.						
	Capacidade profesional (só no caso de que non se acredite co IVL)						
15	Documentación xustificativa da capacitación profesional						
	Datos da Explotación						
16	Folla de saneamento gandeiro da última campaña (*)						
17	Documento de entregas de cota láctea (*)						



		Recibido	Validado	Non precisa	Recibido	Validado	Non precisa
18	Documento das primas de produción (*)						
19	Informe das condicións hixiénicas da explotación.						
20	Memoria de xestión de residuos da explotación ou autorización ambiental integrada (AIA)						
21	Informe de cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais						
Investimentos do plan de mellora							
22	Informe de non inicio						
23	Investimentos en arroteamentos, drenaxes, pradeiras, peches, cercas: referencia catastral /SIXPAC/ plano catastral						
24	Roturacións en terreo forestal: solicitude de aradura						
25	Investimentos pozos (artesáns ou de barrena): solicitude de autorización do organismo competente. No caso de regadíos: solicitude de concesión						
26	Importe de gasto subvencionable en execución de obras > 30.000 €: 3 ofertas de diferentes provedores						
27	Importe de gasto subvencionable en bens de equipamento ou prestacións de servizos > 12.000 € por ben: 3 ofertas de diferentes provedores / facturas proforma						
28	Investimentos en perforacións, conducións, electrificacións, saneamentos, drenaxes: orzamento desglosado						
29	Factura proforma (clave ...)						
30	Factura proforma (clave ...)						
31	Factura proforma (clave ...)						
32	Factura proforma (clave ...)						
33	Factura proforma (clave ...)						
34	Factura proforma (clave ...)						
Datos Banco							
35	Certificado de datos bancarios.						
Outros							
36	Declaración de axudas efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas						
37	Compromiso de exercer a actividade agraria 5 anos desde a data de certificación						
38	Texto variable						
39	Texto variable						
40	Texto variable						

(*) Documentación en poder da administración que non ten porque ser achegada polo solicitante.



Observacións:

Empty box for observations.

VERIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN APORTADA

Data.....
O funcionario

Validado data
O funcionario do Servizo Territorial

.....

.....



MEDIDA 121- LISTA DE CONTROL DA SOLICITUDE DE AXUDA

CONVOCATORIA: Oficina Agraria Comarcal de

Nº de orde	EXPEDIENTE Nº/...../..... (F) Plans de mellorada competitividade. Persoa xurídica SOLICITANTE..... CEAs.....LOCALIZACIÓN.....	OAC			SSPP		
		Recibido	Validado	Non precisa	Recibido	Validado	Non precisa
	Solicitud						
1	Solicitud asinada, cumprimentada e rexistrada en data						
2	Estudo técnico-económico dentro dos índices establecidos na normativa						
	Datos Titularidade -Residencial						
3	Copia cotexada do CIF da entidade asociativa						
4	Copia cotexada do DNI / NIF de tódolos socios ou autorización á CMR para consultar os datos de identidade						
5	Copia dos estatutos / acta de constitución / relación de socios						
6	SAT: certificado do servizo de competitividade da situación actual, relación de socios e cargos (*)						
7	Cooperativas: certificado da Consellería de Tránsito da situación actual, tipo, relación de socios e cargos (*)						
8	No caso de S.L., S.A.: certificado do Rexistro mercantil da situación actual da sociedade, capital social, relación de socios, accións nominativas						
9	No caso de SC: pacto de indivisión por un período mínimo de 5 anos desde a data de certificación						
10	No caso de SC: nomeamento de representante, porcentaxes de execución e de subvención para cada membro (anexo II da orde)						
	Fiscalidade						
11	Copia cotexada da última declaración do IRPF polo menos do 50% dos socios AP e certificado de retencións, e se é o caso, certificado de rendementos de traballo						
12	Copia cotexada de 3 das 5 últimas declaracións do IRPF dos socios AP, incluíndo a última, e certificado de retencións, e se é o caso, certificado de rendementos de traballo						
13	Copia cotexada da declaración do imposto de sociedades do último exercicio (S.L., S.A., SAT, Cooperativas)						
	Man de obra (UTA)						
14	Asalariados: copia cotexada do DNI, contrato de traballo, informe de vida laboral da empresa.						
15	Informe de vida laboral polo menos do 50 % dos socios.						
	Capacidade profesional (só no caso de que non se acredite co IVL)						
16	Documentación xustificativa da capacitación profesional						
	Datos da Explotación						
17	Folla de saneamento gandeiro da última campaña (*)						
18	Documento de entregas de cota láctea (*)						
19	Documento das primas de produción (*)						
20	Informe das condicións hixiénicas da explotación.						
21	Memoria de xestión de residuos da explotación ou autorización ambiental integrada (AIA)						
22	Informe de cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais						
	Investimentos do plan de mellora						
23	Informe de non inicio						
24	Investimentos en arroteamentos, drenaxes, pradeiras, peches, cercas: referencia catastral /SIXPAC/ plano catastral						
25	Roturacións en terreo forestal: solicitude de aradura						



		Recibido	Validado	Non precisa	Recibido	Validado	Non precisa
26	Investimentos pozos (artesáns ou de barrena): solicitude de autorización do organismo competente. No caso de regadíos: solicitude de concesión						
27	Importe de gasto subvencionable en execución de obras > 30.000 €: 3 ofertas de diferentes provedores						
28	Importe de gasto subvencionable en bens de equipamento ou prestacións de servizos > 12.000 € por ben: 3 ofertas de diferentes provedores / facturas proforma						
29	Investimentos en perforacións, conducións, electrificacións, saneamentos, drenaxes: orzamento desglosado						
30	Factura proforma (clave ...)						
31	Factura proforma (clave ...)						
32	Factura proforma (clave ...)						
33	Factura proforma (clave ...)						
34	Factura proforma (clave ...)						
35	Factura proforma (clave ...)						
		Recibido	Validado	Non precisa	Recibido	Validado	Non precisa
	Datos Banco						
36	Certificado de datos bancarios.						
	Outros						
37	Declaración de axudas efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas						
38	Compromiso de exercer a actividade agraria 5 anos desde a data de certificación						
39	Texto variable						
40	Texto variable						
41	Texto variable						

(*) Documentación en poder da administración que non ten porque ser achegada polo solicitante.

Observacións:

VERIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN APORTADA

Data.....
O funcionario

Validado data
O funcionario do Servizo Territorial

.....

.....